

ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Nº DE PROTOCOLO:175_2017

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE: Xornada Técnica: Sistemas de transferencia de coñecemento oa sector vacún de leite

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:
Enderezo: Estrada Betanzos Mesón do Vento Km 7
Concello: Abegondo
Provincia: A Coruña

4.- RESPONSABLE: César Resch Zafra

Tfno.: 881 881 811

5.- INTRODUCCIÓN:

Trátase de salientar a importancia da transferencia do coñecemento no eido agrario-gandeiro e especificamente na produción de leite. Abordouse a temática con catro charlas:

A primeira intervención foi a da Licenciada e Medicina Veterinaria e Zootenia Dália Platas da Universidad Autónoma del Estado de México. Despois dunha estadia de seis meses no CIAM fixo unha reflexión sobre os diferentes sistemas de produción leiteira en México e as colaboracións que establecen cos gandeiros da comunidade na que traballa o seu departamento universitario.

Seguidamente o Doutor Philippe Jeaneaux do campus SupVetAgro de Clermont-Ferrand en Francia expuxo as dinámicas que empregan para a difusión do coñecemento entre os gandeiros. Asemade deu unha interesante visión sobre as dificultades que deben de abordar ás explotacións de leite coa chegada das novas tecnoloxías e a robótica.

A terceira intervención foi a do Doutor César Resch, investigador do CIAM e coordinador do Grupo Focal da DG de Agricultura da Unión Europea falou sobre as conclusións preliminares deste Grupo Focal que aborda as necesidades de innovación e grupos operativos para que as explotacións leiteiras sexan mais resilientes aos avatares sociais, económicos e medio ambientais. Desenvolveu tamén as principais liñas do Proxecto "Dairy For Future" que coordinado con outras nove socios de Reino Unido, Francia, País Vasco, Irlanda e Portugal comeza a súa andaina o próximo mes de Xaneiro.

Por último o Doutor Gonzalo Flores, Xefe do Departamento de Pastos e Cultivos do CIAM, fixo un relatorio do marco de traballo que se ven levando a cabo nestes últimos anos no Centro, a importancia de incrementar a autonomía proteica das explotación coa inclusión de especies leguminosas nas praderías ou en rotación foi amplamente documentada. Explicou tamén os traballos que se están a levar a cabo conxuntamente co LIGAL na procura de trazadores en leite que nos sirvan para diferenciar de xeito analítico a procedencia do leite segundo o tipo de alimentación das vacas.

6.- MATERIAL E MÉTODOS:

As conferencias desenvolvéronse no Salón de Actos do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo o venres 24 de Novembro en xornada de 9:30 a 14:30

A difusión das xornadas correrá a cargo de prensa especializada presente no acto, nomeadamente a AFRIGA televisión e o xornal Campo Galego, ambas empresas desprazaron persoal para cubrir o evento.

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

A acción contou coa participación de mais de trinta persoas que interviron activamente na rolda de preguntas ao final de cada exposición.




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



FEADER:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

En Mabegondo a 27 de Novembro de 2017

Asdo: César Resch Zafra